

CAMPAÑA DE FIDELIZACION 2018

A TU FIDELIDADE TEN PREMIO

ACISA PREMIA A FIDELIDADE CO PEQUENO COMERCIO

ANÍMATE A DINAMIZAR O COMERCIO LOCAL, POLAS TUAS COMPRAS NOS ESTABLECEMENTOS
ASOCIADOS SORTEAMOS 600 EUROS EN PREMIOS

BASES DO SORTEO:

Os participantes deben ser maior de idade (18+)

- Como participar no concurso:

Solo por comprar nos comercios asociados a A.C.I.S.A Ribadeo poderás entrar no sorteo de 3 premios repartidos da seguinte forma: 300, 200 e 100 euros.

Os comercios terán a disposición dos seus clientes, unhas rifas para que por cada compra o cliente cubra co seu nome, apelidos e numero de telefono, e rifa que debera estar debidamente selada por cada establecemento para consideralas validas para o sorteo. Na parte traseira estarán resumidas as bases do concurso.

Para participar no sorteo, deberase realizar unha compra en calquera dos establecementos asociados a A.C.I.S.A. sen importe mínimo, e por cada compra o establecemento debera entregar unha rifa da campaña para que cubran cos seus datos. O establecemento farase cargo de gardar tódalas rifas debidamente cubertas e seladas ata que o persoal de A.C.I.S.A. Ribadeo pase recollelas o finalizar a campaña para celebrar o sorteo.

Deberase indicar o nome e apelidos dos participantes así coma o seu numero de telefono para a correcta realización do sorteo así como deberan ir seladas polos mesmos xa que se non, non serán validas para entrar en dito sorteo.

Entre os días 1 de XUÑO e o 25 DE XUÑO do 2018 poderanse atopar as rifas para participar, nos establecementos asociados a ACISA Ribadeo.

- Mecánica e sorteo:

Dende o 1 de xullo o 25 de xullo poderase atopar as rifas nos establecementos asociados.

O cliente por cada compra debera de cubrir unha rifa, sen necesidade de importe mínimo, que debe de ir debidamente selada polo establecemento.

O reparto do material realizarase os establecemos participantes os dias 30 e 31 de maio pero queda prohibido comezar a campaña ata o dia 1 de xuño.

Os días 26 e 27 de Xullo procederase a recollida das rifas por parte do persoal de A.C.I.S.A. Ribadeo para poder celebrar o sorteo o día 28 de xullo as 16:00 horas nas oficinas da asociación en Avenida de Galicia 20, 2ª planta. Polo tanto tratase dun sorteo non presencial.

Tras o sorteo e tendo as 3 papeletas premiadas que serán retiradas da urna garantindo a imparcialidade debida, sacaranse seguindo o orde de menor a maior para coñecer os gañadores dos premios, deste xeito primeiro o de 100 euros, segundo o de 200 e por ultimo o de 300 euros.

De dito sorteo levantarase a correspondente acta co nome e número de telefono dos gañadores e a contía que lles tocou.

Do sorteo quedara constancia ou fotográfica ou en vídeo.

- Pago do premio:

Os gañadores faráselles entrega dun cheque para sacar unha fotografía e dun sobre cos vales de compra de A.C.I.S.A. Ribadeo, vales que solo se poden gastar nos establecementos asociados e que deben ser gastados de forma íntegra, e dicir, non se darán voltas en diñeiro en efectivo o realizar as compras nos establecementos asociados.

Deste xeito deberan axustar as compras a cantidade que teñen en vales ou ven o establecemento daralle un vale a gastar nel, isto realízase como media de seguridade para que so os establecementos asociados poidan verse beneficiados doas vales de compra de A.C.I.S.A. Ribadeo.

Sortearanse os premios ata que se repartan tódolos premios e o agraciado acepte as [condicións marcadas neste concurso*](#)

Por cada papeleta que se saque da urna faranse 3 intentos de chamada no transcurso de 15 minutos no caso de non ser atendida a chamada en ningún dos tres intentos volverase sortear ese premio.

A entrega de premios realízase a ser posible o mesmo día 28 de xuño ou ven o 29 intentando xuntar nunha mesma hora os gañadores para poder facer a entrega conxunta.

[* A aceptación deste concurso con leva a toma de fotografías dos premiados para a súa posterior publicación nas redes sociais de A.C.I.S.A. Ribadeo e en medios de comunicación.](#)

[O uso dos datos de carácter persoal son unicamente para a celebración do sorteo, solo o persoal autorizado de ACISA Ribadeo terá acceso a eles, e este limitase a identificar o gañador e proceder a notificarlle que gañou un premio. Tralo sorteo tódalas rifas serán destruídas debidamente.](#)

El afectado queda informado y consiente que los datos recogidos, conforme a lo previsto en la Ley Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter personal y del Real Decreto 1720/2007 del Reglamento de desarrollo de la LOPD, serán incluidos en un fichero denominado ASOCIADOS inscrito en el Registro General de Protección de Datos, cuyo Responsable del fichero es A.C.I.S.A. Ribadeo y cuya finalidad es el control, gestión, mantenimiento y facturación de

los socios, asesoramiento, gestión, oferta de productos y servicios, envío de informaciones comerciales y fidelización de los mismo.

El afectado podrá manifestar su negativa al tratamiento de sus datos en un plazo máximo de treinta días, entendiéndose prestado el consentimiento en caso de no pronunciarse a tal efecto.

Asimismo, podrá ejercitar gratuitamente los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición dirigiéndose a AV. GALICIA, 20, 2ª PLANTA – 27700 RIBADEO (Lugo) o a través de correo electrónico a info@acisaribadeo.es junto con prueba válida en derecho, como fotocopia de DNI e indicando en el asunto “PROTECCIÓN DE DATOS”